



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)

Páxina electrónica: [www.adega.gal](http://www.adega.gal)

## **ESCRITO DE ALEGACIÓNS**

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, presenta á Solicitud de autorización ambiental integrada das instalacións do Centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, SL, no concello de Lousame (A Coruña), código 2015-IPPC-I-82 as seguintes,

### **ALEGACIÓNS**

1. A Directiva 2008/98/CE do Parlamento e do Consello do 19 de novembro de 2008 sobre os residuos (Directiva Marco de Residuos), establece a xerarquía de tratamento que serve de orde de prioridade na política de xestión de residuos. Esta xerarquía é a seguinte, en orde descendente de preferenza:

- Prevenición.
- Preparación para a reutilización.
- Reciclaxe.
- Outro tipo de valorización, por exemplo a enerxética.
- Eliminación.

O proxecto do “Centro de xestión ambiental de Lousame” incumpre este principio de xerarquía ao primar as operacións de eliminación sobre as de prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe e valorización. Como se pode apreciar no diagrama de fluxo do anexo I, sintetizado a partires da documentación sometida a exposición pública, das aprox. 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente a instalación, o 81,4% rematará no vertedoiro. Trátase pois dunha instalación adicada fundamentalmente ao vertido de refugallos, a maior parte dos cais trasladaranse directamente a vertido sen provezado previo na planta (61.565 t de 94.565, o 61,1% a vertido directo).

2. A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados traspón á normativa estatal a Directiva marco de residuos incorporando a xerarquía de residuos así como a política de prevención establecida na directiva marco. Entre os seus principios reitores atópanse:

- Protección da saúde humana e do medio.
- Xerarquía na xestión de residuos.
- Responsabilidade ampliada do produtor. O produtor é responsable do seu produto xa dende a fase de deseño (prevención), participando na xestión dos residuos orixinados.
- Autosuficiencia e proximidade.
- Transparencia. Acceso á información.
- Rastrexabilidade. Seguimento dos residuos producidos no seu ciclo.
- Principio de quen contamina paga. Aquel que causa a contaminación asume o custo.

O proxecto do “Centro de xestión ambiental de Lousame” incumpre, aliás do principio de xerarquía, cando menos os de protección da saúde humana e ambiental, responsabilidade do produtor e autosuficiencia e proximidade. Comezando por este último, o centro de xestión ambiental de Lousame, concibido como unha instalación centralizada para o vertido de residuos, podería acoller, a teor da listaxe de insumos unha ampla variedade de refugallos (perigosos e non perigosos) dende todos os puntos do país. Pola súa natureza de centro final de eliminación, obvia tamén a responsabilidade que os produtores de residuos teñen para cos materiais e subprodutos xerados nos seus procesos industriais. E dada a natureza destes insumos, algún deles perigosos e sometidos a longos trafegos até o seu almacenamento temporal no centro, así como á escaseza das medidas de prevención e control para garantir a calidade do ambiente (ar, solos e augas) na contorna local e rexional desta instalación, tampouco está garantido o principio de protección da saúde humana e do medio.

3. A Lei A 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galiza, alén de incorporar as directrices europeas en materia de residuos, nomeadamente os principios reitores antes citados, establece o contido dos plans de residuos autonómicos e o seu procedemento de aprobación. Neste senso, o Plan de de residuos industriais de Galicia para o período 2016-2022 (en diante PRIGA), actualmente en trámite de aprobación, incorpora ás súas bases de planificación aqueles principios reitores (p. 119), incluíndo tamén o da “Economía circular”. Este principio considera aos residuos como materiais aproveitables polos procesos produtivos, e en base a el establécense os obxectivos estratéxicos do PRIGA. O proxecto “Centro de xestión ambiental de Lousame” incumpre tamén o principio da Economía circular, xa que dos residuos recepciónados nas súas instalacións como resultado de diversos procesos produtivos, tan só un 19,6% pode considerarse que é reciclado ou valorizado, indo o resto directamente ou tras unha triaxe, a vertedoiro.

4. O PRIGA establece asemade os obxectivos estratéxicos (pp. 120-121) para, como xa dixemos, avanzar cara unha economía circular. Ditos obxectivos, en particular os

citados de seguido, son tamén **incumpridos** por unha instalación que ten como actividade fundamental o vertido directo de refugallos industriais:

*-Reducir en 2020 a xeración dos residuos industriais, como mínimo nun 10%, respecto aos valores de produción de 2010.*

*-Fomentar a I+D+i no campo da prevención da xeración, preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización de residuos.*

*-Desligar/reducir a asociación entre o crecemento económico e a produción de residuos.*

*-Fomentar a recuperación da maior parte dos recursos contidos nos residuos producidos.*

*-Reducir os efectos ambientais da xestión de residuos, minimizando a eliminación de residuos en vertedoiro.*

*-Aumentar a recollida, a preparación para a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, fomentando a introdución de novos tratamentos de reciclaxe e/ou valorización.*

*-Planificar a suficiencia de instalacións de tratamento, especialmente das de eliminación de residuos en vertedoiro.*

5. O PRIGA establece asemade no Anexo IX (Criterios de futuras instalacións de xestión), a respecto dos criterios xerais para a eliminación de residuos en vertedoiros, as seguintes condicións (p. 4, Anexo III):

*Ademais dos criterios xerais, para as operacións de eliminación de residuos en vertedoiros atenderase:*

*- Localizaranse preferentemente en vertedoiros inactivos.*

*- Uso, de forma prioritaria, das zonas degradadas por actividades extractivas, sempre que se cumpran os requisitos técnicos da actividade, así como a protección do medio e a saúde das persoas.*

*-Características xeolóxicas dos terreos. Seleccionaranse preferentemente formacións xeolóxicas de tipo arxiloso, de granito inalterado e lousa en zonas xeoloxicamente continuas, sempre que sexa posible.*

Novamente comprobamos que esta instalación de eliminación incumpre os criterios xerais de localización destas instalacións no PRIGA: os terreos están considerados no PXOM de Lousame como “Solo rústico de especial protección forestal”, no subgrupo “zona de progresiva recuperación da diversidade biolóxica”. Xa que logo, non se trata dunha zona degradada e a localización xeográfica e a xeomorfoloxía do lugar que pretende acoller o vaso do vertedoiro, que atinxe a unha zona elevada, na cabeceira de bacía fluvial que drena na Ría de Noia, xunto co impacto paisaxístico e o risco de contaminación das augas superficiais e soterradas, así como da atmosfera (fundamentalmente polas emisións do tráfico asociado ás operacións de traslado dos refugallos), desaconsellan a ubicación proposta.

6. Polo que atinxe á capacidade de vertedura (P. 5 e 6 do Anexo IX do PRIGA), a proposta de Plan di:

*Se a análise se centra na capacidade para eliminar residuos en vertedoiro o dato é preocupante, cun incremento inxustificable respecto á demanda nos últimos anos. Así, a vida útil total dos vertedoiros de residuos non perigosos xa autorizados,*

*tomando como referencia o dato máis elevado da serie avaliada (2010), permitiría eliminar residuos durante un período próximo aos 18 anos, sen autorizar ningún vertedoiro máis.*

*As cifras xustifican, entre outras medidas contempladas no Programa 16, o establecemento dunha limitación á hora de autorizar novas instalacións de eliminación de residuos en vertedoiro, se queremos confluír realmente nunha sociedade na que impere a economía circular, e tan só se elimine o que non sexa susceptible de reintroducirse no ciclo produtivo.*

*Deste modo non será posible autorizar ningún vertedoiro máis dos que xa se atopen en tramitación ata que a capacidade restante sexa a correspondente ao eliminado durante os cinco anos precedentes. Así, anualmente a través do informe de seguimento anual deste Plan actualizarase o dato de capacidade restante.*

*Tomando esta referencia, **non será posible autorizar máis vertedoiros de residuos non perigosos ata que a capacidade restante sexa igual ou inferior a 694.890 t** (na actualidade establecida en 2.786.053 t).*

Xa que logo, e tendo en conta as determinacións do PRIGA a respecto ca capacidade de vertedura de residuos industriais e a promoción de novos vertedoiros, esta instalación incumpre novamente a planificación galega.

Polo exposto,

### **SOLICITAMOS**

A denegación da Solicitud de autorización ambiental integrada das instalacións do Centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, SL, no concello de Lousame (A Coruña), código 2015-IPPC-I-82.

Compostela, 20 de outubro de 2016

Asinado,



Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. SECRETARIO XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

### Anexo I: Diagrama de flujo




Figura 22. Flujograma de los procesos del Centro de Gestión Ambiental de Lousame **TOTAL: 94.565 t/ano**

A vertedero 77.000 t/ano de 94.565 t/ano, o **81,4%** do total recepcionado